

ESTUDIO DO RÍO LÓNGARA

O alumnado de terceiro de primaria, realiza unha saída didáctica para o estudo do río Lóngara, nesta actividade fixanse tres obxectivos

1. Localización xeográfica do río.

Atopamos o río nas seguintes coordenadas xeográficas $43^{\circ}35'32.3''N$ $8^{\circ}09'22.5''W$, como referencia diremos que discorre entre a estrada AC116 e a estrada AC566 a 2,26 kms de distancia do centro de Valdoviño

<https://goo.gl/maps/NMmQ4mHjca5jRBDP7>



GALERIA DE FOTOS

<https://photos.app.goo.gl/iMB52z5dhuKSapvm7>



2. Estudo da calidade da auga.

O grupo de nenos e nenas de entre 10 anos de terceiro de primaria participou nesta actividade que consistía en amosar como a calidade das augas do río Lóngara.

Os nenos mediron os parámetros para unha mostraxe da calidade da auga, con kyats manuais, onde mediron os distintos parámetros físico-químicos e biolóxicos que se utilizan no estudo da calidade da auga (temperatura, osíxeno disolto, P.D., turbidez, macro invertebrados etc.).

Se determina a calidade dos ríos en función da presenza de determinadas categorías de macroinvertebrados, cada un dos cales ten asignado un valor enteiro entre 1 e 10 segundo os seus requirimentos en canto á calidade das augas nas que viven sexan maiores ou menores.

O resultado do índice é o sumatorio das puntuacións dos taxones presentes no tramo de estudo. Os resultados da mostraxe realizada determinaron un estado moi bo da masa de auga.

Durante a xornada, os nenos, moi participativos, entenderon a necesidade do control das masas de auga e para que serve a colaboración dos cidadáns na calidade deste recurso vital.





3. Identificación de invertebrados que viven no río

Que son?

Os macroinvertebrados acuáticos defínense como aqueles organismos que polo menos durante algún estadio do seu ciclo de vida, vivan exclusivamente no ambiente acuático e que se poidan ver a primeira ollada, é dicir, que teñan un tamaño superior a 0.5 mm de lonxitude

Estes organismos (70 - 90% insectos) son usados con éxito como bioindicadores porque se desenvolven durante unha gran parte da súa vida nos medios acuáticos.

Xeralmente son abundantes, relativamente sedentarios, son consumidores primarios e secundarios no proceso da materia orgánica, a súa colecta é simple e barata, son fáciles de ver e ofrecen información de longos períodos de tempo.

Como os identificamos?

Coa axuda da mestra e a través dos microscopios no laboratorio do colexio atopamos nas mostras de augas diferentes invertebrados e os gardamos en diferentes botes, como por exemplo os ganmáridos, gusanos, larva de libélula, caracoles de río, tricoteros...

